



(EN)FOCO viaxe de volta
VENRES 12 XANEIRO 2024

Auditorio de Galicia, 20:00 h

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Sebastian Zinca, director

Rosa Fernández, musicóloga

f i a n d o h i s t o r i a s

MIGRACIONES

PROGRAMA

ROBERTO GERHARD (1896-1970)

Suite do ballet Alegrías

Sinfonía núm. 1

Allegro animato

Adagio

Allegro spiritoso

Duración aproximada do concerto: 65 minutos (sen pausa)

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Baldur Brönnimann é, dende 2023, o seu director titular e artístico; Sebastian Zinca o seu director asistente e Joana Carneiro a principal directora convidada. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

DIRECTOR

Sebastian Zinca

MUSICÓLOGA

Rosa Fernández

VIOLÍNS I

James Dahlgren
(concertino)

Adriana Winkler
(axuda de
concertino)

Anca Smeu **

Michal Ryczel

Daniel Kordubaylo

Ilya Fisher

Yulia

Petrushevskaya

Anna Alexandrova

Victoria Jurov

Teresa Barcelona***

David Poghosyan***

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *

Nikolay Velikov **

Samira Ajkic

Enrique Roca

Helena Sengelow

Irina Gruia

Kiyoko Ohashi

Rober Beryo ***

VIOLAS

Natalia Madison *

Ionela Ciobotaru **

Iriana Fernández

Anne

Schlossmacher

Ignacio Marino

Oxana Bakulina

Timur Sadykov

Josep Ruiz ***

Gema Gallardo ***

VIOLONCELLOS

Plamen Velev *

Barbara Switalska **

Manuel Lorenzo

Carlos García

Thomas Piel

Álvaro Peregrina

Emilio Ubach***

Jordi Villanueva***

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *

Alfonso Morán **

Amador Del Pozo

Dina Durán ***

FRAUTAS

Laurent Blaiteau

Luis Soto

ÓBOES

Esther Viúdez

Roger Solé (R)

CLARINETES

Vicente López

Bernardino

Assunção (R)

FAGOTES

Manuel Veiga *

Juan Carlos Otero **

TROMPAS

Alfredo Varela *

Xavier Ramón **

Jordi Ortega *

Pablo de Miguel ***

TROMPETAS

Javier Simó *

Ramón Llåtser **

TROMBÓNS

Arturo Centelles (R)

Juan Luis Novo (R)

TUBA

Miguel Franqueiro

(R)

TIMBAL

José Vicente Faus *

PERCUSIÓN

Isabel Diego (R)

Iker Iriondo ***

PIANO

Haruna Takebe (R)

ARPA

Bleuenn Le Friec (R)

*principal | **coprincipal | ***EAEM (Curso Avanzado de Especialización Orquestral) | (R) reforzo

BIOGRAFÍAS

Sebastian Zinca

Director

Sebastian Zinca foi elixido director asistente da Real Filharmonía de Galicia para o ano 2024, no que traballará en estreita colaboración co director titular Baldur Brönnimann.

Recentemente, tras a súa participación na Academia do Festival de Lucerna no verán de 2023, foi convidado de novo a dirixir un obradoiro e un concerto coa Orquestra da Academia nos veráns de 2024 e 2025. Recibiu tamén a medalla de prata no Terceiro Concurso Internacional de Dirección Antal Doráti en Budapest, e a bolsa Joan W. Harris no Festival de Música de Aspen. Como director asistente traballou con Mark Wigglesworth no Teatro Real de Madrid na produción de Barrie Kosky de *O Nariz* de Shostakovich, e con Nicholas Collon e a Orquestra Sinfónica da Radio Finlandesa.

Especialmente apaixonado pola ópera, Zinca dirixiu producións de *Suor Angelica* de Puccini, *L'Amico Fritz* de Mascagni, *O Diario de Ana Frank* de Frid e *Alcina* de Haendel, esta última interpretada

con instrumentos de época. En 2022 foi un dos catro directores mozos de todo o mundo elixidos para dirixir un acto de *La Bohème* en concerto coa Orquestra Filarmónica de Gran Canaria, e na Academia Europea de Música de Teplice recibiu o Premio do Presidente polo seu traballo en *Così fan tutte*.

Ademais, dirixiu a Orquestra da Ópera Cómica de Berlín, a Academia de Cámara de Potsdam, a Orquestra Sinfónica da Radio Finlandesa, a Filharmónica de Helsinki, a Tapiola Sinfonietta de Espoo (Finlandia), a PKF - Filharmónica de Praga, o Teatro Estatal de Cottbus, a Sinfónica de Lahti, a Filharmónica de Magdeburg, a Orquestra Sinfónica de Oulu e a Orquestra de Cámara de Ostrobotnia.

A Zinca gústalle atopar formas creativas de presentar a música clásica ao público. Mentres vivía en Nova York, reuniu unha orquestra de estudantes e antigos alumnos de Juilliard e Yale. O concerto final da orquestra incluíu varias estreas mundiais, unha colaboración co mozo virtuoso do jazz Vuyo Sotashe, unha sinfonía de Mendelssohn, e culminou cunha interpretación a grande escala

do himno do movementos polos dereitos civís *We Shall Overcome*, arraxada por Zinca para orquestra, cantante, trobador e coro de todo o público. Ademais, mentres vivía en Helsinki, Zinca organizou un popular evento mensual de micrófono aberto que incluía actuacións de música clásica entre as doutros moitos xéneros, e durante a súa estancia no Festival de Lucerna organizou unha actuación ao aire libre da *Sinfonía núm. 40* de Mozart con estudantes da Academia do Festival.

Zinca completou os estudos de dirección na Academia Sibelius como alumno de Sakari Oramo, así como un curso de estudos avanzados na Universidade das Artes de Berlín como alumno de Harry Curtis. Na Academia Sibelius recibiu clases adicionais de Jorma Panula, Johannes Schlaefli, Nicolás Pasquet, Susanna Mälkki, Hannu Lintu e Péter Eötvös.

Zinca é natural de Miami (Florida) e fillo de pai romanés e nai peruana. Antes de dirixir, estudou contrabaixo na Juilliard School. Como músico de orquestra actuou con varios dos principais

mestres do mundo no Carnegie Hall, o Suntory Hall, o Royal Albert Hall, o Conservatorio de Moscova e o Teatro Mariinsky. En 2017 interpretou un programa de música conmemorativa do Holocausto en Auschwitz e ademais ofreceu máis de 40 concertos en hospitais, residencias de anciáns e refuxios para persoas sen fogar.

BIOGRAFÍAS

ROSA FERNÁNDEZ

Musicóloga

A musicóloga Rosa Fernández será a encargada de explicar as obras no concerto. É catedrática de música de Bacharelato, Académica correspondente por Barcelona da Real Academia de Bellas Artes de San Fernando de Madrid e Académica da Real Acadèmia Catalá de Belles Arts de Sant Jordi. É doutora cum laude en Musicoloxía pola Universitat Autònoma de Barcelona (UAB), licenciada en Xeografía e Historia pola Universidad de Oviedo, mestrada en Dereito con especialidade en Estudos da Unión Europea pola Universidade da Coruña e mestrada en Operacións de Intelixencia pola Universidad de Madrid. Investigadora en ópera da Università degli Studi dei Milano, do Institute de Recherche en Musicologie (IReMus) da Sorbonne Université (París) e da Université Paris 8. Publicou libros e numerosos artigos de investigación en universidades de Barcelona, Valencia, Milán, París, Lisboa e Nova York. É membro da European Society of Aesthetics (Turín), xurado dos Premios da Música Iberoamericana ‘Tomás Luis de Victoria’

e do Premio Internacional de Composición Andrés Gaos da Coruña. Profesora de doutoramento do programa Música e Transculturación da Universidade de Santiago de Compostela (USC). Impartiu numerosos cursos e conferencias en distintas institucións, como o Collège d’Espagne en París, o Instituto Cervantes de Bruxelas, o CGAC, a Biblioteca Nacional de Catalunya, a Consellaría de Educación de Galicia, o Teatro Real de Madrid, o Auditorio de Galicia ou o Festival Internacional de música Cristóbal Halffter. Profesora titora do Mestrado de Formación do Profesorado de Música da USC; dirixiu máis de 10 congresos de musicoloxía, dramaturxias audiovisuais e teoría das culturas contemporáneas e é membro de tres grupos de I+D+i (O fondo antigo da Catedral de Barcelona conservado na Biblioteca Nacional de Cataluña, da UAB; Orixes e articulación da musicología hispánica en Europa, da UAB e Fondos Documentais nos arquivos civís de Galicia, da USC).

NOTAS AO PROGRAMA

Viaxe de volta é o título do primeiro concerto do ciclo (EN) FOCO da Real Filharmonía de Galicia e trátase dun monográfico dedicado ao compositor Robert Gerhard.

Robert Juan René Gerhard i Ottenwalder (1896-1970) é considerado hoxe en día un dos autores fundamentais da música española do século XX ao nivel de figuras do talle de Manuel de Falla. Porén, este prestixio é unha cuestión máis ou menos recente en España dende a súa posta en valor a partir da década de 1990 tras ser silenciado polo franquismo debido ás súas posicións políticas próximas á Segunda República. Gerhard naceu en Valls (Tarragona) en 1896 e era fillo de pais inmigrantes en Cataluña —nai alsaciana e pai suízo—. A súa traxectoria, como se verá, estivo marcada por algúns dos máis trágicos acontecementos do século XX. En 1908, con só 14 anos, marchou a Lausana a estudar comercio e trasladouse pouco despois a Munich para iniciarse na música, a súa verdadeira vocación. Co estalido da Primeira Guerra Mundial, ten que regresar a Barcelona onde se formará baixo o maxisterio de Granados e Pedrell. Na década dos

20, decide estudar con Arnold Schönberg en Viena e posteriormente en Berlín, sendo o único español que formou parte da coñecida como Segunda Escola de Viena que supuxo toda unha revolución na música académica europea. Ao inicio dos anos 30, volveu a Barcelona, cidade na que desenvolveu unha intensa actividade como dinamizador musical e propiciou o avance da vangarda compositiva máis cosmopolita: creou a CIC (Compositors Independents de Catalunya), xunto a autores como Toldrá ou Mompou e a ADLAN (Agrupació d'Amics de l'Art Nou) con Joan Miró. En 1939, ao rematar a Guerra Civil española, vese obrigado ao exilio tras a vitoria franquista e o inicio da ditadura, primeiro en París e logo en Cambridge, onde se establece ata o final dos seus días. Foi un gran impulsor e investigador da música electroacústica e no ano 1968 recibiu a mención de doutor honoris causa pola Universidade de Cambridge. No seu estilo conflúen o nacionalismo e os elementos folclóricos (sobre todo cataláns), co serialismo e outras correntes de vangarda, dando lugar a un estilo ecléctico e heteroxéneo.

NOTAS AO PROGRAMA

A primeira obra do concerto é a *Suite do ballet Alegrías*. Entre 1934-1943, o autor compuxo un total de cinco ballets: *Ariel*, *Soirées de Barcelona*, *Don Quixote*, *Alegrías* e *Pandora*. *Alegrías* foi encargado pola bailarina e pedagoga de orixe polaca Marie Rambert, quen fundara en 1926 unha importante compañía en Inglaterra. Trátase dunha obra orixinalmente escrita para dous pianos e nun estilo ‘flamenco’ bastante afastado do resto do catálogo do autor. De feito, algúns estudosos consideran que a aceptación deste encargo foi seguramente motivada pola necesidade económica ou como forma de posibilitar futuras estreas (debe terse en conta a fama de Rambert, quen traballara con personalidades como o pedagogo musical Dalcroze, o director dos ballets rusos Diaghilev ou co bailarín Nijinsky na coreografía da *Consagración da Primavera* de I. Stravinski). *Alegrías* estreouse o 5 de xullo de 1943 no Caversham-Court Open-Air Theatre de Londres e o argumento, escrito polo propio Gerhard, resumíase así: “A fama e fortuna prometidas polo empresario non tentan nin someten a bailarina xitana. A súa desconformidade é completa e

para castigalo por meterse na súa vida libre e feliz faise un funeral burlesco con choradeiras de pago”. A nivel musical mestura, por un lado o *andalucismo* propio de Granados, Albéniz e Falla con xiros melódicos e cadencias próximas á tradición popular, e por outro, a utilización de disonancias, modulacións inesperadas e dinámicas contrastantes que lle achegan un carácter irónico, e en certo modo crítico, cara á música española. No mesmo ano da estrea, Gerhard orquestrou o ballet, omitindo a parte central e dando lugar á suite que hoxe escoitaremos. A obra estrutúrase en dúas partes que á súa vez se subdividen de forma binaria: I. Preámbulo-Jácara e II. Farruca-Jaleo. O ‘Preámbulo’ é unha especie de ‘alegría’, canto festivo típico da xota flamenca que dá paso, despois dunha breve introdución, á ‘Jácara’, termo que ten a súa orixe no teatro barroco e que se refire a unha danza popular. A ‘Farruca’ supón un claro contraste, co seu compás binario característico e un tempo moito máis pausado (Andante Moderato) —a Farruca é un dos paus flamencos máis coñecidos e crese que a súa orixe pode estar no norte de España, incluso en Galicia, e que foi

levada a Andalucía no século XIX por homes que ían traballar alí no campo, de feito ‘farruco’ fai referencia a un emigrante galego ou asturiano nesa zona—. Para rematar, ‘Jaleo’, o momento máis burlesco da obra, no que se mesturan ritmos flamencos con citas explícitas tales como o *Himno* de Riego (nun claro chiscadela á Segunda República) ou a *Marcha Fúnebre* de Chopin.

A continuación, escoitarase a *Sinfonía núm. 1*, composta entre 1952 e 1953 e estreada no Festival da SIMC (Sociedade Internacional de Música Contemporánea) celebrado en Baden-Baden en 1955 pola West German Radio Symphony Orchestra baixo a batuta de Hans Rosband. A composición está dedicada á súa dona Poldi e estrutúrase en tres movementos: Allegro animato, Adagio, e Allegro Spiritoso. Toda a sinfonía presenta un carácter escuro que intenta transmitir a angustia que supuxo a Segunda Guerra Mundial, que rematara poucos anos antes. Está composta dentro do estilo dodecafónico (un sistema que organizaba a música e as composicións en series de doce notas que se traballaban e desenvolvían con distintos procedementos) que Gerhard

aprendera con Schönberg. O tratamento que o autor catalán fixo do serialismo nesta e outras obras foi bastante libre, tal e como explicaba o seu único discípulo en España, Homs, nunha obra dedicada ao seu mestre na que recollía a seguinte afirmación de Gerhard: “o feito de escribir música serial con absoluto e pasivo sometemento literal ao método en todos os seus parámetros musicais, levarían á práctica dun academicismo estéril”. O primeiro movemento, Allegro animato, comeza cunha introdución de seis compases nos que se nos presenta a serie de doce sons na que se baseará toda a sinfonía. O primeiro hexacordo (grupo de seis notas) é presentado polas cordas e o piano, mentres que o segundo tócano os ventos. Consta dunha estrutura en catro partes: a primeira de carácter expresivo, unha segunda máis íntima, a terceira de ton burlesco e irónico e unha última que dá paso a unha coda protagonizada por un motivo de dúas notas na tuba. O segundo, Adagio, ten un carácter abstracto e moitos estudosos consideran que é unha especie de homenaxe á pintura do artista catalán Tàpies. Supón un claro contraste co resto da obra pola

NOTAS AO PROGRAMA

súa delicadeza e sutileza, conseguida con efectos nas cordas como os glissandos, harmónicos, o uso de sordina e os pizzicatos, e mediante unha escritura camerística. Divídese en cinco partes sendo a sección central o momento climático do movemento e relacionándose as outras por pares (a primeira e quinta sección e a segunda e cuarta respectivamente). Predomina o papel da corda e a percusión que se enfrontan a intervencións puntuais do vento e a corda percutida. O terceiro movemento, Allegro spiritoso, é o máis longo de todos (aproximadamente o dobre dos dous anteriores) e por momentos parece unha invitación á esperanza achegando luz fronte ao ton sombrío e melancólico anterior. Presenta unha estrutura moi similar ao primeiro e remata nun son harmónico agudo nas cordas que empeza con pouca intensidade para crecer e logo volver a unha dinámica piano, pechando a obra dun xeito suspendido.

O mesmo Leonard Berstein despois de escoitar esta sinfonía sinalou que se trataba “da obra dun xenio” e asegurou que a programaría na seguinte tempada da Filharmónica de Nova York, como así

o fixo. Uns anos despois, o director e compositor norteamericano encargoulle a cuarta sinfonía para conmemorar o 150 aniversario da súa orquestra. A día de hoxe, as catro sinfonías de Gerhard son consideradas a parte máis importante da súa obra compositiva.

Unha interesante proposta por parte da Real Filharmonía que nos trae de *volta* a un dos grandes autores da música española, considerado un pioneiro e impulsor da vangarda a nivel europeo, e por desgracia, esquecido e inxustamente tratado pola historiografía musical do seu país de orixe.

CARME TUBÍO BARREIRA

AUDITORIO DE GALICIA

Avenida do Burgo das Nacións, s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

AUDITORIO 981 571 026 | 981 573 979

ZONA C 981 542 462

OFICINAS

981 552 290 | 981 574 152

rfgalicia.org

compostelacultura.gal

INSTAGRAM

@realfilharmoniadegalicia

@compostelacultura

FACEBOOK

RealFilharmoniadeGalicia

CompostelaCultura

TWITTER

@rfgalicia

@CCultura

PRÓXIMO CONCERTO

Duetos Ciclo de lied

XOVES 18 XANEIRO

Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Luis Gago

Sala Mozart, 19:00 h

CATRIONA MORISON, mezzosoprano

KONSTANTIN KRIMMEL, barítono

AMMIEL BUSHAKEVITZ, piano

- Felix Mendelssohn: 4 Duette aus, Op.63
- Gustav Mahler: Des Knaben Wunderhorn – Ausgewählte Lieder
- Robert Schumann: 4 Duette, Op.34
- Johannes Brahms: 4 Duette, Op.28

** En colaboración coa Asociación de Amigos da Ópera de Santiago*